

AS MULLERES NO MOVEMENTO OBREIRO

Flora Tristán (1803-1844) foi a pioneira do feminismo socialista.

“A vós, obreiros que sodes as vítimas da desigualdade de feito e da inxustiza, a vós tócavos establecer ao fin sobre a terra o reino da xustiza e da igualdade absoluta entre a muller e o home. Dade un gran exemplo ao mundo (...) e mentres reclamades a xustiza para vós, demostrade que sodes xustos, equitativos; proclamade, vós, os homes fortes, os homes de brazos espidos, que recoñecedes á muller como á vosa igual, e que, a este título, recoñecédeslle un dereito igual aos beneficios da unión universal dos obreiros e obreiras?”

Flora Tristán *La Unión Obrera* 1843

Esta posición contrasta claramente coa misoxinia dalgúndos primeiros ideólogos do movemento obreiro sobre todo, **Pierre-Joseph Proudhon** (1809-1864). O lugar ideal para a muller era o fogar: *“non hai outra alternativa para as mulleres que a de ser amas de casa ou prostitutas”*

Hai que destacar, dentro da socialdemocracia alemá, a figura de **Clara Zetkin** (1857-1933). Creadora do ***Día Internacional da Muller***, o 8 de marzo, foi a gran propulsora do feminismo na **Segunda Internacional** ou **Internacional Socialista**.

En 1907, celebrouse, baixo os seus auspicios, a **I Conferencia Internacional de Mulleres Socialistas**. Esta organización chegou a agrupar 174.751 afiliadas en 1914.

BREVE HISTORIA DAS MULLERES NO MOVEMENTO OBREIRO

Os anos que transcorren entre a fundación da **Asociación Internacional de Traballadores (1864)**, a primeira organización obreira de carácter internacional, e a **Comuna de París (1871)**, a acción revolucionaria pola que o pobo de París, entre o que se atopaban mulleres como a **anarquista Louise Michel**, se fixo co control do poder político, son decisivos na toma de conciencia do proletariado, que, dende ese momento, que coincide coa culminación do proceso de construción dos modernos estados nacional-liberais, abandona a alianza de clases coa burguesía, que caracterizara todas as revolucións liberais anteriores (1775-1870), en favor dunha estratexia de confrontación aberta coa clase dominante: a burguesía.

Paralelamente, o capitalismo dos primeiros anos do século XIX veuse profundamente afectado por unha nova crise en 1873, que provocou un proceso de concentración do capital e, xa que logo, o xurdimento dunha nova fase capitalista: **o imperialismo**, que debido ás novas condicións de explotación e de concentración da produción favoreceu o activismo político e sindical do proletariado; velaí están as grandes manifestacións obreiras que percorreron os EEUU e Europa a finais do século XIX en demanda dunha redución da xornada laboral, do descanso semanal..., das que permanece na nosa memoria colectiva a manifestación do 1 de maio de 1886, que deu lugar á actual conmemoración do 1º de Maio como Día Internacional da Clase Traballadora.

Foi, precisamente nese contexto, no que se produciu unha profunda escisión no movemento feminista debido a que as mulleres procedentes da burguesía, que centraron a súa loita na obtención de dereitos políticos, especialmente do dereito ao voto, tomaron partido pola burguesía fronte as donas procedentes do proletariado, que alén de dereitos políticos esixían dereitos sociais e económicos, dando inicio a unha andaina que había levar as mulleres, en moi poucos anos, á vangarda revolucionaria, como foi o caso das obreiras soviéticas, que en 1917 deron comezo á revolución rusa.

Pan e rosas: as mulleres en loita

Malia que as donas participaran activamente nas grandes mobilizacións de finais do século XIX, as primeiras protestas de obreiras tiveron lugar no ano 1908, data na que varios milleiros de obreiras desfilaron polas rúas de Chicago. Non obstante, a principal mobilización, que marcará un fito na historia do movemento obreiro, foi a que a historiografía coñece co nome de **Insurrección das 20.000**, que comezou cando **Clara Lemlich** chamou á folga xeral; mantiveron unha dura protesta de trece semanas nas que sufriron despedimentos, fame e detencións, pero ao final as súas demandas, aumento de salarios, redución da xeira laboral e a sindicación das obreiras no sindicato da confección, foron aceptadas, razón pola que convocaron unha nova xornada de loita no Lower East Side de Nova York para celebrar a vitoria e elevar as súas demandas: mellora das condicións de vida e de traballo, eliminación do traballo infantil e dereito ao voto, era o 15 de febreiro de 1909. Daquela, en vista do éxito desas primeiras manifestacións, o partido socialista norteamericano acordou que o último domingo do mes de febreiro se celebrase unha **xornada nacional das mulleres**, unha iniciativa que tamén adoptará a Internacional Socialista de Mulleres en 1910.

Anos máis tarde, o 25 de marzo de 1911, ten lugar o **incendio da Triangle Shirtwaist Factory de Nova York**, no que morren calcinadas 146 obreiras que non puideron fuxir da fábrica porque o patrón as tiña pechadas para evitar que saísen antes de tempo, abrindo unha nova vaga de folgas e protestas, convocadas pola liga sindical de mulleres, que percorreron as principais cidades de EEUU e de Europa, incluído o cortexo fúnebre das donas incineradas, que se converteu nunha inmensa manifestación de apoio á causa das mulleres obreiras á que acudiron máis de 100.000 manifestantes. Así mesmo, o incendio da factoría Triangle tivo unha considerable incidencia sobre a lexislación laboral posterior, sobre todo logo de 1919.

Non obstante, a situación aínda se ía a radicalizar máis. Efectivamente, o 10 de xaneiro de 1912, un grupo de mil mulleres de Lawrence (Massachusetts), nesta ocasión liderado por **Elizabeth Gurley Flynn** do **sindicato Traballadores Industriais do Mundo (IWW)**, que centraba a súa actuación entre os inmigrantes, as mulleres e a poboación afroamericana, deciden pechase na factoría en que traballaban para protestar porque o seu salario era menor que o que recibían os homes; un feito que deu comezo a un novo ciclo folguístico no que as mulleres se mantiveron firmes, igual cá patronal. Con todo, debido a que o conflito saltou aos medios de comunicación e chegou ao Congreso, sobre todo como consecuencia da brutal represión que a Policía exerceu sobre as mulleres en folga e sobre os seus fillos, a patronal tivo que ceder: as mulleres conquistaran unha xeira laboral reducida e o aumento de salarios. No transcurso desas manifestacións as mulleres difundiron un lema cargado de simbolismo: pan e rosas, no que o pan representaba a seguridade económica e as rosas a mellora da calidade de vida, unha consigna que lle inspirou un poema a James Oppenheim que rematou por se converter nunha das cancións máis populares do movemento obreiro norteamericano.

Na outra beira do Atlántico, as donas tamén se mobilizaron pola mellora das súas condicións de vida; sendo precisamente en Europa onde as mulleres comezaron a organizarse no seo dos partidos socialistas aos que estaban afiliadas, o que levou á fundación da **Internacional Socialista de Mulleres**.

A Internacional Socialista de Mulleres

O 17 de agosto de 1907, na cidade alemá de Stuttgart, celebrouse a **I Conferencia da Internacional Socialista de Mulleres**, á que asistiron 58 delegadas de todo o mundo e na que se designou a **Clara Zetkin** para ocupar a presidencia do secretariado internacional da nova organización, que tiña por obxectivos inmediatos conseguir unha mellora das condicións de vida das traballadoras e do dereito a voto.

En 1910, animada polos éxitos das obreiras norteamericanas e inspirada na declaración do Women's day do Partido Socialista norteamericano, **Clara Zetkin** propuxo, no transcurso da segunda Conferencia celebrada en Copenhague, a celebración dun **día Internacional das Mulleres** para chamar a atención sobre as condicións laborais da muller e a falta de dereitos políticos; como consecuencia desa resolución, na que non se fixara un día de celebración, millóns de traballadoras europeas saíron á rúa o 19 de marzo de 1911 en lembranza das xornadas revolucionarias de marzo de 1848.

Un ano despois, no transcurso do congreso Internacional Socialista de Basilea, que se celebrou para analizar a guerra dos Balcáns e fixar a postura dos socialistas sobre o imperialismo e paz, **Clara Zetkin**, en nome de todas as donas socialistas, pronunciou un fermoso discurso en defensa da paz, no que salientou a necesidade de que as mulleres socialistas loitasen contra a guerra que lles afecta principalmente aos fillos do proletariado; se Lenin fora o protagonista do Congreso de Stuttgart, **Zetkin** co seu discurso da guerra contra a guerra, foi a protagonista indiscutible do Congreso de Basilea.

A influencia que tería a Revolución Rusa

En 1914, tras o estoupido da I Guerra Mundial, as dirixencias dos partidos socialdemócratas europeos toman partido polas burguesías dos seus respectivos países formando gobernos de unidade nacional, traizoando dese modo o espírito internacionalista dos congresos de Stuttgart (1907) e Basilea (1912); non obstante, en marzo de 1915 celébrase en Berna unha Conferencia socialista de Mulleres contra a guerra na que 70 mulleres de 8 países europeos adoptan unha resolución na que se condena a guerra imperialista e se anima ás donas a loitar contra a guerra. Esa conferencia, así como a de Zimmerwald (setembro de 1915), á que non puideron asistir **Clara Zetkin** e **Rosa Luxemburg** por atoparse presas e na que Lenin deseñou a que había ser a estratexia da esquerda revolucionaria, e a de Kienthal (abril de

1916), foron fundamentais para definir a nova loita do proletariado: o internacionalismo revolucionario, que provocou a radicalización do movemento obreiro en toda Europa a partir de 1916, no que as mulleres adquiriron un protagonismo especial; a escisión do SPD alemán en 1916, de onde xurdirá o USPD, dirixido por dúas mulleres, **Rosa Luxemburg** e **Clara Zetkin**, que en 1919 (convertido en Partido Comunista) se situará á vangarda da revolución espartaquista; e a radicalización do bolxevismo ruso logo de que as obreiras das fábricas téxtiles de San Petersburgo saísen á rúa o 23 de febreiro (logo, segundo o calendario gregoriano, 8 de marzo) de 1917 en demanda de pan, paz e república.

En outubro de 1917, logo do triunfo bolxevique, as mulleres soviéticas conquistaron a liberdade e a igualdade, un logro que culmina coa aprobación do código sobre o matrimonio, a familia e o coidado infantil de outubro de 1918, un instrumento que remata con séculos de poder patriarcal e instaúra unha nova doutrina baseada nos dereitos individuais e a igualdade de sexos; así mesmo, o código de traballo de 1918 recolle as primeiras medidas de conciliación familiar e de axuda á maternidade..

Así, a nova lexislación soviética, impulsada sobre todo por **Alexandra Kollontai**, comisaria do pobo de Asuntos Sociais e da Muller no primeiro goberno soviético presidido por Lenin en 1917, establece para as mulleres soviéticas o dereito ao voto e a ser candidatas, o dereito ao divorcio, o acceso á educación universal e gratuíta, a un salario igual que o dos homes, a axudas para aliviar as cargas familiares, o dereito ao aborto libre e gartuíto... Así mesmo, para garantir a emancipación da muller traballadora, **Alexandra Kollontai** organiza en 1918 o primeiro Congreso das Mulleres Obreiras de Rusia, do que xorde a necesidade de fundar un departamento feminino de carácter gobernamental, o Zenotdel, fundado en 1919 e presidido inicialmente por **Inessa Armand**, dende onde se traballa pola melloría das condicións de vida das mulleres rusas, combatendo o analfabetismo e educando as mulleres sobre os seus novos dereitos no matrimonio, na educación, na asistencia e no traballo.

Tamén, sobre todo, grazas á asombrosa capacidade teórica de **Alexandra Kollontai** ou, entre outras **Inessa Armand**, durante este intenso período revolucionario estableceu un riquísimo debate no que o centro da discusión era, alén dos dereitos sociais e políticos da muller, a emancipación sexual desta.

A MULLER NO MOVEMENTO OBREIRO ESPAÑOL

A pesar que sempre se achacou a España un atraso respecto doutros países, ou certo é que o Estado Español foi pioneiro en moitas ocasións sobre cuestións de igualdade no movemento obreiro. Ao finalizar o Trienio Liberal en 1823, onde xa destacaran mulleres importantes como **Mariana Pineda**, o exilio liberal español tomou contacto no exterior coas correntes máis avanzadas do liberalismo e do primeiro socialismo.

Moitos deses exiliados coñeceron e trouxeron a España as concepcións políticas de Owen, de Saint-Simon, de Fourier, de Cabet, etc. Son os casos de Joaquín Abreu, Narciso Montoriol ou máis tarde Fernando Garrido e Pi i Margall. Á calor das correntes fourieristas naceu o xornal O novo pensil de Iberia. Nas súas páxinas podemos ler os primeiros manifestos en defensa dos dereitos das mulleres nos escritos de **Margarita Pérez de Celis** sendo un dos primeiros exemplos de vinculación dos dereitos da muller co socialismo.

Con todo a España da época era eminentemente machista, onde a posición da muller reducíase a “anxo do fogar”. Unha perspectiva que veu romper a irrupción do movemento obreiro.

A introdución da Internacional en España trouxo consigo da man o triunfo das ideas bakuninistas, e con elas a súa concepción sobre o papel da muller no movemento obreiro e revolucionario. Tanto no Primeiro Congreso obreiro celebrado en Barcelona en 1870 como, sobre todo, no Segundo Congreso Obreiro de Zaragoza de 1872, aprobáronse ditames onde se declaraba de forma aberta a igualdade do home e a muller, animando tamén ás mulleres á afiliación aos organismos obreiros. O ditame do Congreso de Zaragoza dicía así:

“A muller é un ser libre e intelixente, e como tal responsable dos seus actos, o mesmo que o home; pois se isto é así o necesario é pola en condicións de liberdade para que se desenvolva segundo as súas facultades. Agora ben; se relegamos á muller exclusivamente ás faenas domésticas é sometela, como até aquí, á dependencia do home, e por tanto, quitarlle a súa liberdade”.

Este ditame non só supuxo unha ruptura coa sociedade do momento senón tamén un achegamento ás concepcións de Bakunin que estaban moi afastadas, respecto da muller, das de Proudhon. Ademais, desde moi cedo as mulleres participaron do movemento obreiro e

afiliáronse á Internacional. En España temos o caso de **Guillermina Vermellas e Orgis**, nacida en 1849, e da que Anselmo Lorenzo legounos algunhas pasaxes no seu libro O proletariado militante.

As bases sentadas pola Internacional posibilitaron un maior desenvolvemento do anarquismo no seo do movemento obreiro. Por iso o anarquismo español converteuse no primeiro baluarte da loita feminina. Nas filas do anarquismo do último terzo do século XIX, comezaron a militar mulleres tanto do campo intelectual como do campo obreiro. O primeiro punto interesante é comprobar como paulatinamente a muller ía accedendo a traballos de corte intelectual. Comezaron a aparecer mestras de formación que en moitos casos vinculáronse ás pioneiras escolas laicas que ían xurdindo en España. Un exemplo diso foi a figura de **Teresa Mañé** (1865-1939).

Nada en Cubelles, formouse no maxisterio e comezou a exercer na escola laica de Vilanova i a Geltrú. Uniuse sentimentalmente a Juan Montseny, co que inicio proxectos educativos como a escola laica de Reus ou proxectos xornalísticos como A Revista Branca. **Teresa Mañé** escribiu numerosos textos e artigos, algúns co seu pseudónimo de Soidade Gustavo. Neles xa deixaba plasmado a súa loita pola emancipación da muller, polo amor libre e por unha sociedade libre de carácter anarquista. Algo completamente revolucionario a finais do século XIX e inicios do século XX.

Nesa mesma loita inscribírase a figura de **Belén Sárraga** (1874-1951), propagandista, autora de numerosos escritos, que percorreu varias cidades de España exportando as novas ideas de carácter socialista para a emancipación da muller.

Inscritas na mesma época, e participantes de movementos comúns, habería que destacar a mulleres como **Amalia Domingo Soler**, **Rosario de Acuña** ou **Ángeles López de Ayala**. Moitas destas mulleres eran republicanas, masonas, teósofas, espiritistas, etc., movementos da época que pretendía a secularización e laicización da sociedade. Algunhas se facían eco de movementos como a teosofía que a nivel internacional tivo a importantes mulleres á súa cabeza como Helena Petrovna Blavatsky ou Annie Besant.

Pero o anarquismo non só contribuíu no campo intelectual. Obreiras conscientes comezaron a desenvolver as súas actividades no seo das sociedades obreiras e mesmo fundaron e potenciaron sociedades obreiras propias. Destacamos o caso de **Teresa Claramunt**

(1862-1931). Inscrita na segunda xeración de militantes obreirAs do anarquismo, **Teresa Claramunt** fundou en 1891 a **Agrupación de Traballadoras de Barcelona**. O obxectivo de **Teresa Claramunt** era dobre. Por unha banda organizar ás mulleres nunha sociedade obreira que defendese os seus dereitos nun traballo que era maioritariamente feminino. Por outra crear conciencia e potenciar as organizacións de xénero fronte a unha sociedade machista. Foi o primeiro exemplo obreiro só e exclusivamente integrado por mulleres.

A pesar da curta experiencia de moitas destas iniciativas, as bases para o posterior desenvolvemento do obrerismo feminino e do feminismo socialista estaban sentadas.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

<https://pontevedraviva.com/radio/emision/465/do-gris-ao-violeta-pontevedravivaradio/>

<https://praza.gal/movimentos-sociais/a-memoria-do-movemento-obreiro-vai-mais-alo-da-fabrica-e-da-loita-ten-que-ver-cunha-relacion-de-solidariedade>

<https://praza.gal/movimentos-sociais/o-mapa-do-vigo-rebelde-pechase-a-investigacion-sobre-o-movemento-obreiro-na-cidade>

<https://praza.gal/cultura/en-vigo-conmemorase-a-reconquista-pero-non-a-folga-de-1972-que-foi-un-fito-na-cidade>

<https://www.mazarelos.gal/2019/02/28/orgullo-de-barrio-mulleres-e-movemento-vecinal-na-transicion/>

<https://artabra21.blogspot.com/2018/03/documentario-sobre-mulleres-que-forman.html>

<http://historiadegalicia.gal/2020/05/asi-foron-as-mulleres-da-fabrica-de-tabacos-pioneiras-da-loita-obreira-en-galicia/>

<https://www.dogrisaovioleta.gal/publicacion/folletos-e-libros/>

https://gl.wikipedia.org/wiki/Montse_Fajardo